



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A ENTIDADE EL PROGRESO DE LUGO, S.L. PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACCIÓNS DIVULGATIVAS E INFORMATIVAS DE INICIATIVAS DA ESTRATEXIA GALICIA DIXITAL 2030

En Santiago de Compostela,

### REUNIDOS

Dunha parte, don Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación de dita Axencia, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Amtega e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, dona Blanca De Cora García Montenegro, con DNI 33.335.493Y, actuando en nome e representación da entidade El Progreso de Lugo, S.L., co CIF B-27000637, ao abeiro das facultades que lle confire a escritura pública do 14 de marzo de 2022, autorizada polo Notario do Ilustre Colexio de Galicia, don Jose Manuel López Cedrón, co número 828 do seu protocolo.

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que, segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega) aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e





se aproban os seus estatutos, , modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Amtega e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na titular da Dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

**Segundo.-** Que a Xunta de Galicia está a impulsar medidas dinamizadoras da economía galega. Neste contexto, o sector das TIC galego debe converterse nunha das áreas produtivas claves no desenvolvemento económico e social de Galicia, pola súa condición de acelerador do cambio tecnolóxico e polo seu carácter transversal ao resto de sectores.

O Consello da Xunta, o 3 de decembro de 2020, aprobou a Estratexia Galicia Dixital 2030, coa visión posta en "situar a Galicia como unha rexión intelixente de referencia en Europa, onde o uso das tecnoloxías dixitais contribúe a aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental", aproveitando todo o potencial das oportunidades que brindan as tecnoloxías dixitais para dar unha resposta integral aos retos sociais, económicos e medio ambientais.

Deste xeito, tomando como base os logros acadados no ámbito dixital en Galicia nos últimos anos e o novo contexto social, económico e tecnolóxico, a Estratexia Galicia Dixital 2030 artículase en torno aos seguintes 7 eixos estratéxicos: Goberno



e Administración Intelixente, Sociedade Dixital e Inclusiva, Entorno Dixital para a Saúde e o Benestar Social, Territorio Intelixente, Verde e Resiliente, Conectividade Dixital do Territorio, Cultura e Turismo Intelixente e Economía Dixital e Sostible. Comprende tamén un eixo estratéxico transversal que promoverá a especialización tecnolóxica ao servizo do resto de eixes estratéxicos, centrándose en reforzar as capacidades e infraestruturas dixitais de Galicia en tecnoloxías disruptivas e en garantir o seu amplo uso na economía e a sociedade.

**Terceiro.-** Que os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. As liberdades consagradas polo artigo 20 da Constitución, como sostén o tribunal Constitucional no son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución pública fundamental como é a opinión pública libre, de tal maneira que para que o cidadán poida formar libremente as súas opinións e participar de xeito responsable nos asuntos públicos, ten que ser tamén informado amplamente de xeito que poida ponderar opinións diversas e incluso contrapostas.

Deste xeito, a información e comunicación difundida a través dos medios de comunicación social constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento pleno da persoa, tanto a nivel individual coma social.

**Cuarto.-** Por outra banda os medios de comunicación social desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por elo acadan unha específica resonancia social.

**Quinto.-** Que a Amtega ten entre os seus obxectivos prioritarios lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma





de Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico. A velocidade de desenvolvemento da Sociedade do Coñecemento e as súas tecnoloxías asociadas pode provocar que determinados colectivos, que integran a nosa sociedade, se atopen con dificultades para acceder ás tecnoloxías das comunicacións quedando, polo tanto, en perigo de exclusión nos diferentes ámbitos da súa vida.

**Sexto.-** Que para levar a cabo a devandita finalidade a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia pretende difundir contidos relacionados con iniciativas de transformación tecnolóxica e dixital levados a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia e enmarcados na Estratexia Galicia Dixital 2030. Trátase de achegar a toda sociedade galega as iniciativas de transformación dixital en marcha na Comunidade Autónoma para que cidadáns e empresas poidan beneficiarse dos novos servizos e solucións dixitais ao seu alcance en diferentes ámbitos.

Doutra banda, a entidade El Progreso de Lugo, S.L. comparte o interese na difusión dos beneficios que para a sociedade galega poden ter as iniciativas tecnolóxicas reseñadas.

**Sétimo.-** Que os medios de prensa escrita de Galicia, ademais de constituír, na súa área de influencia, o medio máis axeitado para dar a coñecer os beneficios derivados da transformación dixital da Comunidade Autónoma e posibilitar que os seus lectores teñan un coñecemento veraz e imparcial das accións que son de interese xeral, contribúen a facer efectivos a liberdade de expresión e o dereito de información, polo que se aprecia unha coincidencia de intereses entre estes medios de comunicación e os da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o cal determina a posibilidade de colaboración das distintas partes para atender unha finalidade común.





**Oitavo.-** Que a entidade El Progreso de Lugo, S.L., editora do xornal El Progreso de Lugo, ten unha ampla difusión e na súa liña de información en temas de actualidade quere participar e colaborar na realización de diversas accións divulgativas e informativas relacionadas con iniciativas da Estratexia Galicia Dixital 2030, como instrumento de divulgación complementaria e de interese para os galegos e as galegas.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de conformidade coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto do Convenio**

O presente convenio entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a entidade El Progreso de Lugo, S.L., ten por obxecto colaborar na realización de diversas accións divulgativas e informativas relacionadas con iniciativas da Estratexia Galicia Dixital 2030.

Esta colaboración levarase a cabo a través da realización dun mínimo de 5 accións divulgativas dun mínimo dunha páxina cada unha, que se publicará en cor en páxina impar relacionadas con estratexias, programas e/ou iniciativas da Estratexia Galicia Dixital 2030.

### **Segunda.- Obxectivos do Convenio**

As actuacións que se especifican na cláusula primeira realizaranse dende o día seguinte ao da sinatura do convenio ata o 15 de decembro de 2023 cos obxectivos finais de:





- Contribuír á divulgación de iniciativas e proxectos relacionados coa Sociedade da Información e proxectos de transformación dixital na Comunidade.
- Promover un maior recoñecemento social dos ámbitos nos que ten competencias a Amtega, en particular, e a Xunta de Galicia en xeral, difundindo na Comunidade Autónoma información sobre iniciativas da Estratexia Galicia Dixital 2030.
- Contribuír ao coñecemento dos plans de formación para o crecemento da Sociedade da Información e a capacitación profesional nas tecnoloxías da información entre os profesionais e a sociedade en xeral.
- Difusión e divulgación das vantaxes da incorporación das TIC en todos os sectores.
- Contribuír á igualdade de xénero no sector das TIC.
- Contribuír á dinamización da implantación da Sociedade da Información en Galicia, ao desenvolvemento e progreso da Comunidade Autónoma de Galicia a través da difusión e potenciación das actividades relacionadas.

### **Terceira.- Compromisos da entidade**

Serán compromisos de El Progreso de Lugo, S.L., a través do xornal El Progreso de Lugo, os seguintes:

- Fixar a liña editorial e a conseguinte responsabilidade editorial dos contidos publicados.
- Todos os datos e información serán de elaboración e maquetación propia e con cargo aos medios persoais e técnicos de que dispoña a empresa. Non obstante a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia facilitará os datos que considere relevantes para a súa difusión e aqueles outros que sexan solicitados polo medio e poderá formular, en relación cos datos e información, as observacións que considere pertinentes co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes, as cales deberán terse en consideración.





#### **Cuarta.- Compromisos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**

Serán obrigas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia:

- Achegar á entidade, como máximo, o importe establecido na cláusula de financiamento, como compensación polos gastos que lle ocasiona a dito medio de comunicación o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio
- Facilitar toda canta información, documentación e asesoramento sexa necesario para a boa realización das publicacións con relación ao obxecto do convenio, a través da Comisión de Seguimento.

#### **Quinta- Financiamento**

A colaboración financeira da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia neste convenio non terá o carácter de prezo, senón de achega que se realiza para compensar a entidade dos gastos nos que incorre como consecuencia da elaboración, planificación, posta en marcha e desenvolvemento do obxecto do convenio. Porén, existe unha compensación de acordo á actividade esixible ao medio de comunicación, sen marxe comercial de ningún tipo.

O importe desta compensación pola prestación que se realiza, está fixado utilizando criterios obxectivos adaptados aos que rexen no mercado e atendendo de xeito proporcional aos últimos datos do EGM, os datos de audiencia dos grupos de comunicación de Galicia de prensa escrita que quedan recollidas na memoria deste convenio.

Como consecuencia disto, a achega económica da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ascende a 27.789 € e será financiada con cargo á aplicación orzamentaria 07.A1.571A.640.0 dos orzamentos xerais da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o ano 2023.

As ditas cantidades serán aboadas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia mediante pagos bimensuais, trala xustificación suficiente da realización do suplemento correspondente aos ditos períodos de tempo, mediante a presentación da seguinte documentación:





- Un certificado asinado por persoa responsable onde se exprese que por parte da entidade se realizou a actividade obxecto do convenio.
- Factura expedida polo medio de comunicación correspondente contra a Amtega.

Para a presentación da factura deberase ter en conta a Orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regulan o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia que establece que todas as facturas de importe superior a 5.000 euros presentaranse a través do Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF), configurado como Punto xeral de entrada de facturas electrónicas.

O resto das facturas poderán presentarse a través do propio SEF ou ante un rexistro administrativo nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O SEF esta dispoñible para todos os provedores; o seu acceso, procedemento de alta e manuais necesarios para poder operar co sistema pódense encontrar na dirección de internet:

- <https://factura.conselleriadefacenda.es>
- Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas na que se indicará a materia competencia da Amtega sobre a que versou a actuación, coa desagregación dos gastos reais e se acompañará dunha copia do suplemento editado e publicado polo medio en cuestión.

En todo caso, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do convenio e calquera outra que considere oportuna para a correcta xustificación do gasto e do seu pagamento.

A memoria e calquera outra documentación adicional deberá presentarse obrigatoriamente en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da LPACAP.

- A entidade El Progreso de Lugo, S.L. autorizará á Amtega para que obteña directa ou telematicamente, os certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias co





Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. No caso contrario aportará a documentación que xustifique o cumprimento destas obrigas.

Procederáse a minorar a achega económica concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro deste convenio teñan un custo inferior e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente das actuacións.

### **Sexta. – Comisión de Seguimento**

Para os efectos de velar pola boa marcha e cumprimento do estipulado no presente convenio créase a comisión paritaria de seguimento, que actúe como mecanismo conxunto de plena efectividade e que se reunirá a petición dunha das partes. Dita comisión estará formada por un representante de cada unha das partes.

Sen prexuízo do sinalado do parágrafo anterior, El Progreso de Lugo, S.L. designará unha persoa como representante de dita empresa ante a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia no prazo de tres días contados dende a sinatura do convenio. A referida persoa manterá contacto directo e habitual coa persoa designada pola Amtega coa finalidade de coordinar e executar eficazmente as actividades que prevé este convenio de colaboración.

### **Sétima.- Réxime de persoal**

A sinatura deste convenio non implica relación laboral ou de calquera outro tipo entre os profesionais encargados de executar as actividades que constitúen o seu obxecto e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, de tal xeito que non se poderá esixir a esta ningún tipo de responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento, nin polos incumprimentos que puidera incorrer o medio de comunicación, nas súas relacións cos traballadores aos que encomende a realización do traballo. En consecuencia a empresa editora asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.





### **Oitava- Rexistro**

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan neste convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

### **Novena.- Protección e Seguridade da Información**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas e o que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

### **Décima.- Réxime**

O presente convenio rexerese polas súas propias cláusulas, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contrato do sector público, en virtude do establecido no seu artigo 6, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto normativo para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.





### **Décimo primeira.- Controversias**

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán solven- tarse pola comisión de seguimento á que se refire a cláusula sexta do presente con- venio.

A xurisdición contenciosa administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse.

### **Décimo segunda.- Resolución**

Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mes- mo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requiri- mento para que cumpra nun prazo de dez días naturais coas obrigas ou compromi- sos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén á co- misión de seguimento do convenio.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a par- te que o dirixiu notificará a outra parte asinante a concorrencia da causa de resolu- ción e entenderase resolto o convenio.

### **Décimo terceira.- Modificación do convenio.**

De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector publico autonómico o convenio poderá ser obxecto de modificación cando



teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou, no caso de que este convenio teña carácter plurianual, a ampliación do seu prazo de execución.

De acordo co artigo 4.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superávit estrutural en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

#### **Décimo cuarta.- Vixencia**

O presente convenio producirá efectos dende a data da sinatura ata o 15 de decembro de 2023.

E para que así conste, en proba de conformidade e tras a súa lectura, as partes asinan o presente convenio, no lugar e data indicados.

Pola Amtega

El Progreso de Lugo, S.L.

Julián Cerviño Iglesia

Blanca De Cora García Montenegro

